



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Historia e teorías dos movementos migratorios	Código	615525013	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Espiñeira González, Keina Raquel	Correo electrónico	keina.espineira@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia explóranse os vínculos teóricos entre a historia e a socioloxía das migracións. O obxectivo principal é aportar ó alumnado un marco teórico e conceptual aplicado ó campo das migracións internacionais. O curso contempla unha parte práctica que se baseará no coñecemento de diferentes metodoloxías cualitativas e a súa aplicación a casos de análise de realidades presentes.			
Plan de continxencia				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A8	CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación.
A9	CEM1 - Demostrar coñecementos avanzados sobre os principais movementos migratorios ao longo da historia e a súa relación con procesos de conflictividade e de cohesión social nas sociedades de orixe e destino
A10	CEM2 - Dominar as principais ferramentas conceptuais e técnicas que permiten definir un colectivo e unha problemática migratoria como obxecto de estudo e análise.
A11	CEM3 - Demostrar un coñecemento avanzado e crítico sobre as teorías e os debates académicos actuais de maior relevancia sobre as dinámicas migratorias e os procesos de integración dos colectivos migrantes.
A14	CEM6 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito da análise das migracións internacionais e do traballo con colectivos migrantes.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
B20	CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas.
B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.



B22	CX10 - Recoñecer e valorar os xuízos de valor e as evidencias nos argumentos que sosteñen as descrições e políticas sobre a realidade social.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
1. Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos no campo das migracións internacionais.	AM2 AM5 AM9	BM20 BM21 BM22	CM3 CM6
2. Demostrar un coñecemento avanzado e crítico sobre as teorías e os debates académicos actuais de maior relevancia sobre as dinámicas migratorias.	AM10 AM11 AM14	BM3 BM14 BM18	
3. Dominar as principais ferramentas conceptuais e técnicas que permiten definir un colectivo e unha problemática migratoria como obxecto de estudo e análise.	AM8 AM10 AM14	BM1 BM2 BM7	
4. Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa e desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares.		BM1 BM2 BM3 BM7 BM14 BM17 BM18 BM20	CM1 CM3 CM5 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Unha visión histórica das teorías das migracións internacionais	1.1. A escola de Chicago: Park e Thomas e Znaniecki 1.2. "Race and Ethnic relations" 1.3. A aportación ás migracións dende a socioloxía norteamericana contemporánea: Portes e Massey 1.4. A escola francesa e a súa achega teórica: Bourdieu e Sayad
2. Teorías explicativas dos procesos de migracións internacionais	2.1. O modelo económico do push-pull 2.2. Teorías da acción individual 2.3. Teorías do capital social e das redes 2.4. Teorías da mobilidade social
3. Metodoloxías e técnicas: metodoloxías narrativas, participativas e artísticas para abordar as migracións	3.1. Mapeamento corporal narrado 3.2. Fotovoz 3.3. Metaplan 3.4. Cartografías sociais
4. Novas teorías e enfoques no contexto da Globalización	4.1. Migración nun mundo globalizado 4.2. Mobilidade e transnacionalismo 4.3. Pertenza, identidade e cidadanía 4.4. Estudos de fronteira



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 A8 A10 B14 C1	1	0	1
Sesión maxistral	A2 A9 A10 A11 B14 B20	20	0	20
Lecturas	A2 A10 A11 C1	0	27	27
Saídas de campo	A2 A9 A10 A11 A14 B2 B7 B14 B21 C1 C7	8	4	12
Obradoiro	A2 A5 A8 A9 A10 A11 A14 B1 B22 C3 C5 C6	12	18	30
Traballos tutelados	A2 A9 A10 A11 A14 B2 B3 B7 B14 B17 B18 C1 C7	1	55	56
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Clases teóricas con participación do estudantado, en torno aos diversos contidos que compoñen o programa.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Saídas de campo	O alumnado desta materia participará no Grupo de Innovación Docente "Mapa das linguas na/da Coruña" (MaLinCo). O seu tarefa relacionada co traballo colectivo do GID será de deseñar unha acción social de sensibilización sobre a diversidade lingüística e cultural da cidade da Coruña.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías: Discusión dirixida (presentación e comentario en clase dos textos asignados para lectura); Exposicións; Simulacións, Debates, Solución de problemas, Prácticas guiadas, etc. A través destas metodoloxías o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma das/os estudantes, baixo a tutela da profesora e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro	O alumnado poderá consultar co profesorado da materia as dúbidas e preguntas que considere oportunas para a realización dos traballos. Para concertar unha tutoría será preciso concretar un día por correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Saídas de campo	A2 A9 A10 A11 A14 B2 B7 B14 B21 C1 C7	O alumnado desta materia participará no Grupo de Innovación Docente "Mapa das linguas na/da Coruña" (MaLinCo). A súa tarefa relacionada co traballo colectivo do GID será de deseñar unha acción social de sensibilización sobre a diversidade lingüística e cultural da cidade da Coruña.	10
Sesión maxistral	A2 A9 A10 A11 B14 B20	Avaliarase a participación do estudantado e a integración dos diversos contidos que compoñen o programa.	15
Traballos tutelados	A2 A9 A10 A11 A14 B2 B3 B7 B14 B17 B18 C1 C7	Se avaliará mediante presentación oral (do traballo titelado desenvolvido ao longo da materia) ? Defensa grupal Traballo entregado (15%) Presentación oral (15%) ? Defensa individual-ante preguntas das avaliadoras (20%) Avaliarase a integración dos contidos teórico-prácticos e as competencias da materia	50
Obradoiro	A2 A5 A8 A9 A10 A11 A14 B1 B22 C3 C5 C6	Avaliarase a participación individual do estudantado e a integración dos diversos contidos que compoñen o programa nas distintas actividades realizadas.	25

Observacións avaliación

Todas as metodoloxías da avaliación deben superarse para aprobar a materia. A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Vázquez, A. (2008). Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa. X.M. Cid et Alii, Migracións na Galicia contemporánea, Santiago, Sotelo Branco, p. 17-48 - Ribas-Mateos, N. (2004). Una invitación a la sociología de las migraciones. Barcelona: Bellaterra. - Messina, A. ; Lahav, G. (2006). The migration reader: exploring politics and policies. Boulder: Lynne Rienner - Sennett, R. (2014). El extranjero: dos ensayos sobre el exilio. Barcelona: Anagrama - Rea, A. (2009). Sociología de la inmigración. Barcelona: Hacer - Sassen, S. (2013). Inmigrantes y ciudadanos: de las migraciones masivas a la Europa Fortaleza. Tres Cantos: Siglo XXI - Sayad, A. (2010). La doble ausencia: de las ilusiones del emigrado a los padecimientos del inmigrado. Rubí: Anthropos - AA.VV. (2008). Estudios postcoloniales. Ensayos fundamentales. Madrid: Traficantes de Sueños - Terrén, E. (2002). Razas en conflicto: perspectivas sociológicas. Barcelona: Anthropos - Portes, A.; DeWind, J. (2006). Repensando las migraciones internacionales. Nuevas perspectivas teóricas y empíricas. México: Miguel Ángel Porrúa - Massey, D.; Arango, J; Graeme, H. ; Kouaocuci, A.; Pelegrino, A. (2000). Teorías de la Migración Internacional: Una reseña y una evaluación. Revista Trabajo, 3, pp. 5-50. - Mezzadra, S.; Neilson, B. (2013). Border as method, or, the multiplication of labor.. Duke University Press - Houtum, H., Kramsch, O. y Zierhofer, W (eds.) (2005). B/ordering Space.. Londres: Ashgate Publishing. - Anzaldúa, G. (1987). Borderlands / La Frontera. The New Mestiza. . San Francisco: Aunt Lute Books. - Zapata-Barrero, R. (ed.) (2010). Shaping the normative contours of the European Union: a Migration-Border framework.. Barcelona: CIDOB - Houtum, H. (2005). ?The Geopolitics of Borders and Boundaries?. Geopolitics, 10(4): 672-679 - Houtum, H. y T. V. Naerssen (2002). ?Bordering, Ordering and Othering?. Tijdschrift voor Economische en Sociale Geografie, 93/2: 125-136 - Balibar, Étienne (2009). ?Europe as borderland?. Environment and Planning D: Society and Space, 27(2): 190-215
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Allegue, Gonzalo, 1992: Galegos, as mans de América, Vigo, NigraBarnett, Miguel, 2008: Galego, Xunta de Galicia.</p> <p>Mezzadra, Sandro (2005) Derecho de fuga: migraciones, ciudadanía y globalización. Madrid: Traficantes de Sueños.</p> <p>Houtum, H. y Pijpers, R. (2007) ?The European Union as a Gated Community: The Two-faced Border and Immigration Regime of the EU?. Antipode, 39 (2): 291-309.</p> <p>Houtum, Henk (2010) ?Human Blacklisting: The Global Apartheid of the EU?s External Border Regime.? Environment and Planning D: Society and Space 28 (6): 957-976.</p> <p>Casas Cortés, M., Cobarrubias, S. y Pickles, J. (2011) ?Stretching Borders Beyond Sovereign Territories? Mapping EU and Spain?s Border Externalization Policies? Geopolítica(s). Revista de estudios sobre espacio y poder, 2(1): 71-90.</p> <p>Johnson, Corey; R. Jones; A. Paasi; L. Amoore; A. Mountz; M. Salter ; y C. Rumford (2011) ?Interventions on Rethinking ?the Border? in Border Studies?. Political Geography 2011, vol. 30: 61-69.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Identidade, alteridade e interseccionalidade/615525006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Integración e convivencia intercultural/615525011

Políticas migratorias e dereito das migracións/615525012

Materias que continúan o temario

O modelo migratorio español/615525014

Observacións



1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

1.3. De se realizar en papel:

- Non se empregarán plásticos.

- Realizaranse impresións a dobre cara.

- Empregarase papel reciclado.

- Evitarase a impresión de borradores.

2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados

cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e

profesionais

4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a

docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta

materia (usarase

linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os

sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

5.-

Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes

sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade

6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas

7.

Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas,

sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un

acceso axeitado,

igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías